



Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se resolve provisionalmente o concurso de traslados específico, entre funcionarios docentes do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do Departamento de Orientación

Mediante Orde do 3 de novembro de 2017 foi convocado concurso de traslados específico entre o persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do Departamento de Orientación nos colexios públicos de educación infantil e primaria, de educación primaria e de educación especial dependentes desta consellería (DOG nº 216, do 14 de novembro).

A base décimo cuarta, sobre resolución provisional do concurso, establece que unha vez recibidas na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria as actas da comisión avaliadora, coas puntuacións asignadas ao persoal concursante, procederase, conforme as peticións e os méritos dos participantes, a adxudicación dos destinos, e faranse públicos, na páxina web desta consellería ([www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es))

Na súa virtude esta dirección xeral

#### DISPÓN

Primeiro. Adxudicar destino provisional aos funcionarios docentes do corpo de mestres que figuran na páxina web desta consellería para cubrir prazas de xefatura de Departamento de Orientación nos centros que alí se especifican.

Segundo. Publicar a relación de persoas excluídas na páxina web desta Consellería polas causas que se indican.

Terceiro. Contra esta resolución provisional, segundo o establecido na base décimo quinta da Orde do 3 de novembro de 2017, cabe reclamación no prazo de 10 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web. O prazo de renuncias será o mesmo que o establecido para as reclamacións.

Non obstante, serán admitidas as reclamacións e renuncias presentadas con anterioridade.



Cuarto. O persoal funcionario do corpo de mestres que estean participando simultaneamente nesta convocatoria e no concurso xeral de traslados e que obteñan praza na xefatura de Departamento de Orientación, entenderase que renuncian á participación no concurso xeral.

Quinto. As reclamacións e renuncias poderanse presentar polos procedementos a que alude a base sexta e remitiranse ademais por correo electrónico a [persoal.primaria@edu.xunta.es](mailto:persoal.primaria@edu.xunta.es), dentro do prazo establecido.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

